
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

PE 403A 2009/34-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE CANGAS
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE ALGAS
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade solicitada⁽³⁾	MERGULLO CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE

Especies	<i>Laminaria ochroleuca, Undaria pinnatifida e Sachorrhiza polyschides</i>
Ambito do plan	De praia Canabal a punta Couso e Illas Cíes.
Subzonas de explotación	Zona A: de praia Canabal a Punta Couso Zona B: Illa norte de Cies Zona C: Illa sur de Cies

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	5	14
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		90										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : de xaneiro a xullo												
Modalidade⁽³⁾ : Mergullo con subministro de aire dende superficie.												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	Agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X						

Topes de captura			
Especies	A pé	Embarcación/día	Tripulante enrolado e a bordo/día
Algas (para o conxunto especies)		1500 kg	500 kg

Artes a empregar	Mergullo con subministro de aire dende superficie.
-------------------------	--

Puntos de control	Faro Borneira (zona A), Pedra Cantareira (zona B), praia de S.Martiño (zona C) e rampla de descarga do peirao de Cangas e lonxa de Cangas.
Puntos de venda	Lonxa de Cangas



Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epoas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
Limpezas												
Zonas:												

Consideracións

Especies: Co obxecto de racionalizar a explotación do recurso só se autorizan as seguintes especies: *Laminaria ochroleuca*, *Undaria pinnatifida* *Sachorrhiza polyschides*. O plan presentado indica que só se están a explotar dúas especies, *Undaria pinnatifida* e *Laminaria ochroleuca*. Ademais a evolución deste plan só presenta obxectivos de produción e económicos para para *Laminaria ochroleuca*, *Undaria pinnatifida* (wakame) e *Sachorrhiza polyschides* (golfo).

Calendario: O número de días propostos é elevado tendo en conta a evolución da campaña en anos anteriores (entre 60-70días), polo que se reducen a 90.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro e das capturas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial, seguindo as indicacións dos técnicos. de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos da explotación do mes anterior. Na petición de apertura temén deberán indicar a empresa que pretende adquirir as algas, de coñecerse.

Actividade de mergullo:

O informe da actividade de mergullo de data 06.11.2009 é favorable a autorizar a realización das inmersións necesaria para a execución do plan, sempre e cando sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente.

Coa primeira solicitude de apertura deberán achegar o plan de seguridade aprobado pola autoridade marítima correspondente.

Deberán achegar a **certificación que acredite que o plan foi aprobado polos órganos** de goberno da confraría.

Recomendacións para a mellora do plan.

- Deberá revisarse, xunto co biólogo de zona, a subdivisión das zonas de traballo.

Informe do Parque Nacional das Illas Atlánticas (26 de novembro de 2009):

A administración do Parque Nacional informa favorablemente a aprobación deste, coas seguintes condicións relativas ao ámbito territorial do parque:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

- Soamente se permite a extracción de algas alóctonas e recoméndase que se centre na recolección de *Undaria pinnatifida*, especie alóctona e así contribuír a evitar a súa presenza no Parque Nacional xa que é unha especie introducida sen interese ecolóxico para o P.N.
- Que a recolección de algas se realice manualmente, de maneira que non se provoquen impactos negativos nos fondos mariños do Parque.
- Que sexa necesario o compromiso de non extraer as seguintes especies de algas que teñen un importante valor ecolóxico: *Laminaria ochroleuca*, *Gelidium sesquipedale*, *Chondrus crispus*, *Mastocarpus stellatus*, *Laminaria hyperborea*, *Laminaria saccharina*, *Fucus vesiculosus*, *Fucus spiralis*, *Fucus serratus* e *Himanthalia elongata*.
- Non debe aumentarse o esforzo pesqueiro con respecto ao ano 2009: nin número de embarcacións, nin número de mergulladores, nin número de días ao ano
- Infórmase desfavorablemente a extracción nas zonas de maërl.